

ISIDRO VIDAL

MESTRE DE GAITA (IMTPG)

Historial Académico

Estuda o Grao Superior de Instrumentos de Música Tradicional e Popular de Galicia entre o Centro Superior de Música de Galicia e o Conservatorio Superior de Música de Vigo onde tamén estuda o Grao Superior de Etnomusicoloxía.

Estudou tamén o Grao Profesional de Gaita Galega no Conservatorio Profesional de Música Mayéusis de Vigo. Asiste a aulas de gaita cos mestres Carlos Núñez, Anxo Lorenzo, David Bellas, Ernesto Campos e Patrick Molard, e de percusión con Carlos Castro e Kinhos Saborido entre outros.

Paralelamente cursa estudos de zanfona, canto, guitarra, clarinete e piano, así como de composición, produción musical e luthería de gaita gallega.

Experiencia

Realizou xiras ao longo de toda a xeografía española, así como por Portugal, Reino Unido, Francia, Alemaña, República Checa, Italia e os Estados Unidos de América.

No ano 2018 consegue preto de 100.000 descargas de partituras da súa autoría co proxecto #composición365 e no 2019 supera as 2.000 descargas en menos dun mes de obras compostas durante a primeira quincena da corentena.

Na actualidade posúe máis de 400 obras para gaita de fol (para diferentes formatos e estilos), sendo, posiblemente, o compositor para gaita vivo con máis obras escritas. A editorial *Dos Acordes* publica a súa obra camerística para trío de gaitas *Pena de Flores* dentro do libro *Gaita 2.1 Músicas do XXI ao xeito tradicional*.

A súa traxectoria como docente é ampla, desenvolvéndose sobre todo no sur de Galicia que compaxina con masterclass en diferentes escolas fóra de Galicia. É fundador da Escola de Música de Boborás, da Escola de Música Tradicional e Popular Tradepop do Carballiño, e da Escola Virtual de Gaita Aula de Gaita.

Foi galardonado en múltiples ocasións no ámbito da música tradicional ou folk, como solista ou en formacións de cuarteto ou bandas de gaitas.

Isidro Vidal

Estuda o Grao Superior de Instrumentos de Música Tradicional e Popular de Galicia e o Grao Superior de Etnomusicoloxía.

Compuso máis de 400 obras para gaita de fol en diferentes formatos e estilos.

Actualmente desenvolve a súa carreira como docente, compositor e intérprete.

